

Benestar

10/02/2025

ÍNDICE

Fogares	1
Ingresos dos fogares	3
Gastos dos fogares	4
Pensións	5
Delitos	7
Definicións e máis información	9
Definicións	9
Descarga de datos	9

Fogares

Número de fogares segundo a súa tipoloxía. Ano 2023

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Unipersoal	262.374	113.951	35.571	37.467	75.385
Sen núcleo	26.454	12.032	3.671	3.086	7.664
Parella con fillos	314.496	129.525	35.893	29.907	119.171
Parella sen fillos	278.444	120.146	34.886	37.594	85.818
Monoparental	114.506	44.973	14.297	14.213	41.024
Un núcleo e outros	71.652	29.427	8.028	7.792	26.406
Varios núcleos	35.313	14.419	4.168	3.137	13.590
Total	1.103.240	464.474	136.513	133.195	369.058

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares Nota: a data de referencia dos datos é o día 31 de decembro

O día 31 de decembro de 2023 existían 1.103.240 fogares en Galicia, cun tamaño medio de 2,43 persoas por fogar.

A tipoloxía máis habitual entre os fogares galegos é a formada por unha parella con fillos (o 28,51 % dos fogares). Os fogares constituídos por unha parella sen fillos supoñen o 25,24 % e o 23,78 % dos fogares galegos son unipersoais.

Mozos que viven cos pais segundo a idade. Galicia. Ano 2023


Unidade: Porcentaxe e número

	Incidencia Número	
De 18 a 24 anos	87,91	144.082
De 25 a 29 anos	53,33	61.614
De 30 a 34 anos	32,08	42.256
Total	60,31	247.952

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares Nota: porcentaxe dos mozos que viven cos pais sobre o total da poboación de mozos de cada grupo de idade. A data de referencia dos datos é o día 31 de decembro


Mozos que viven cos pais segundo a tipoloxía de ingresos e a idade. Galicia. Ano 2023

Porcentaxe



O 60,31 % dos mozos e mozas galegos con idades comprendidas entre os 18 e os 34 anos vive cos pais. Dos mozos e mozas que viven cos pais e que teñen entre 25 e 34 anos, o 78,14 % ten ingresos procedentes só do traballo. Entre os que teñen de 18 a 24 anos, o 42,74 % non ten ingresos.


Porcentaxe de fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Ar Porcentaxes



No 24,62 % dos fogares galegos todos os seus membros teñen 65 ou máis anos. Esta porcentaxe sobe nas áreas de Ourense e sur de Lugo e diminúe na franxa atlántica.

Ingresos dos fogares

Fogares segundo o intervalo de ingresos mensuais. Galicia. Ano 2023 Porcentaxe



No ano 2023 o ingreso medio mensual dos fogares galegos sitúase en 2.698 euros, un 5,89 % máis que no ano anterior (2.548 euros en 2022).

Gastos dos fogares

Gasto medio por fogar e distribución porcentual por grupos de gasto. Galicia. Ano 2023 Euros e Porcentaxes.

	Galicia	Porcentaxe
Total	32.558,4	100,00
Alimentos e bebidas non alcohólicas	5.610,1	17,23
Bebidas alcohólicas, tabaco e narcóticos	533,0	1,64
Artigos de vestir e calzado	1.481,8	4,55
Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	8.846,2	27,17
Mobiliario, equipamento do fogar e gastos correntes de conservación da vivenda	1.480,2	4,55
Saúde	1.437,0	4,41
Transportes	4.339,7	13,33
Comunicacións	877,0	2,69
Ocio, espectáculos e cultura	1.909,1	5,86
Ensino	341,4	1,05
Hoteis, cafés e restaurantes	3.086,5	9,48
Outros bens e servizos	2.616,3	8,04

INE. Encuesta de presupuestos familiares

Durante o ano 2023, cada fogar galego dedicou de media 32.558,40 euros para os gastos de consumo.

Por grupos de gasto, os fogares galegos destinaron o 27,17 % do seu orzamento a gastos relacionados coa vivenda, o 17,23 % a alimentos e bebidas non alcohólicas e o 13,33 % ao transporte.

No grupo de gasto de "vivenda", ademais dos alugamentos reais, inclúense os alugamentos imputados: cando un fogar é propietario da vivenda na que reside, ou a ten cedida, estímase o valor do alugamento que se pagaría no mercado por unha vivenda similar á que ocupa.

Pensións

O día 31 de decembro de 2023 había rexistradas en Galicia 775.817 pensións contributivas do sistema da Seguridade Social, cun importe medio de 1.026,32 euros ao mes (un 9,54 % máis que o ano anterior)

O 62,90 % das pensións contributivas da Seguridade Social en Galicia son de xubilación e o seu importe medio ascendeu aos 1.174,02 euros ao mes, un 9,66 % máis que en 2022. As pensións de viuvez supoñen o 23,77 % das pensións contributivas (o 89,81 % son mulleres). O importe medio mensual destas pensións é un 9,61 % máis que o ano anterior e acadou os 724,98 euros en 2023.

Número de pensións contributivas da Seguridade Social e importe medio. Galicia. Ano 2023

Unidade: Número de pensións e euros.

Clases	Ambos sexos		Homes		Mulleres	
	Número	Importe medio	Número	Importe medio	Número	Importe medio
Total	775.817	1.026,32	355.685	1.254,78	420.130	832,90
Incapacidade permanente	73.259	1.014,47	46.503	1.074,29	26.756	910,50
Xubilación	487.998	1.174,02	275.418	1.377,75	212.579	910,08
Viuvez	184.384	724,98	18.783	503,88	165.600	750,05
Orfandade	23.300	473,28	12.403	472,90	10.897	473,70
Favor familiares	6.876	623,97	2.578	605,27	4.298	635,20

Fonte: Seguridad Social: eSTADISS: Estadísticas de pensiones

A finais de 2023 había en Galicia 36.636 beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social, un 0,94 % menos que no ano anterior.


Número de beneficiarios de pensións non contributivas. Galicia

	2022	2023	Variación interanual %
Pensións non contributivas da Seguridade Social	36.985	36.636	-0,94
Invalidez	12.979	12.544	-3,35
Xubilación	24.006	24.092	0,36
LISMI	193	147	-23,83
FAS	2	1	-50,00
RISGA	6.247	5.508	-11,83
AIS	3.283	3.944	20,13

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares


Nota: Fonte: información subministrada directamente pola Consellería de Política Social

Fogares segundo o número de persoas perceptoras de ingresos procedentes de prestacións. Ano 2023 Porcentaxe



A finais de 2023, no 60,16 % dos fogares galegos había polo menos unha persoa que percibía ingresos procedentes de prestacións.

Evolución do número de beneficiarios de prestacións por desemprego. Galicia



No ano 2023 contabilizáronse en Galicia unha media de 82.515 beneficiarios e beneficiarias de prestacións por desemprego, un 1,99 % menos que en 2022.

Delitos

En 2023 inscribíronse en Galicia 18.739 delitos cometidos. Segundo a tipoloxía, os que tiveron unha maior incidencia foron os delitos contra a seguridade colectiva (33,18 %) e os delitos contra o patrimonio e orde socioeconómica (26,83 %).

Adultos: delitos segundo o tipo. Galicia. Ano 2023

	Galicia
Total delitos	18.739
Homicidio e as súas formas	51
Lesións	3.217
Contra a liberdade	1.396
Torturas e integridade moral	433
Contra a liberdade e indemnidade sexuais	148
Contra as relacións familiares	224
Contra o patrimonio e orde socioeconómica	5.027
Contra a seguridade colectiva	6.217
Das falsidades	214
Contra a Administración Pública	19
Contra a Administración de Xustiza	997
Contra a orde pública	869
Resto de delitos	200

Fonte: INE. Estadística de condenados

Condenados en Galicia segundo o sexo e a nacionalidade. Galicia. Ano 2023

	Total	Homes	Mulleres
Total	12.831	10.380	2.451
Españóis	11.306	9.197	2.109
Estranxeiros	1.525	1.183	342

Fonte: INE. Estadística de condenados

Menores condenados en Galicia segundo o sexo e a nacionalidade. Galicia. Ano 2023

	Total	Homes	Mulleres
Total	462	362	100
Españóis	410	324	86
Estranxeiros	52	38	14

Fonte: INE. Estadística de condenados

Definicións e máis información

Definicións

Descarga de datos

- [Enquisa estrutural a fogares](#)
- [Hogares según el intervalo de ingresos mensuales](#)
- [Gasto total e gastos medios por grupos de gasto](#)
- [Pensións contributivas](#)
- [Pensións non contributivas](#)
- [Delitos segundo tipo](#)
- [Condenados](#)
- [Menores condenados](#)